

## **ENSANCHE E MELLORA DA PO-230**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras a executar para o ensanche e a mellora da estrada PO-230, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 2+000 e 7+300, nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (provincia de Pontevedra).

## 2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-230 *Campo Lameiro (PO-231) - Vichocuntín (N-541)*, pertence a rede local da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

A actuación consiste no ensanche e mellora do trazado existente da estrada PO-230, entre os PP.QQ. 2+000 e 7+300. O eixo implantado coincide co actual na maior parte do treito da actuación, agás en 19 curvas, nas que se aumenta o radio co obxecto de mellorar a seguridade viaria.

Ademais, realizaranse uns cambios de sentido nos PP.QQ. 2+899, 5+300 e 6+327, a mellora dos accesos existentes dende o viario municipal, a ampliación de varios pontóns existentes, a execución de varios muros de dique, a reposición de toda a sinalización horizontal e parte da vertical, e instalacións de drenaxe.

## 4. Características técnicas

**Sección tipo:** a nova sección transversal da plataforma é variable ao longo do treito. Os carrís destinados á circulación serán de 3,0 m e as beiravías de 0,5 m na maior parte do treito. Naqueles puntos onde existan restricións patrimoniais, manterase a sección existente e adaptaranse os elementos funcionais.

**Firmes:** 5 cm de capa de rodadura de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 16 SURF BC 50/70 S + rega de imprimación con emulsión C60BF4 IMP + 25 cm de capa de subbase de saburra artificial ZA 0/32. Previamente ao estendido da saburra, realizarase a apertura de caixa e aporte de material seleccionado ata unha profundidade máxima de 50 cm.

Nas zonas de transición entre as ampliacións da calzada e o existente, é preciso realizar un fresado e reposición do aglomerado da capa de rodadura. A solución de reposición de firme adoptada presentará un espesor total de 5 cm de MBQ tipo AC 16 surf BC 50/70 S e rega de adherencia con emulsión termoadherente C60B3 TER.

### Estruturas:

- Ampliación dos pontóns dos PP.QQ. 2+715 e 6+615: para acadar unha sección transversal composta por 2 carrís de 3,0 m con beiravías de 0,5 m + barreiras que apoian 0,5 m no taboleiro + paso de 1,5 m; cunha anchura total de 10,00 m. A solución adoptada consiste nunha estrutura hiperestática de 3 vans, con posibles luces de 9,00 + 12,00 + 9,00 m. A sección transversal do taboleiro presenta unha zona central cun canto aproximado de 0,45 m, e dúas zonas laterais de 2,0 m de ancho e canto variable (o canto varía entre o canto da zona central ata un valor mínimo de 0,20 m no extremo da sección). O taboleiro apóiase, tanto nas pilas coma nos estribos, en cargadeiros compostos por micropilotes de Ø nominal 177,8 mm, cun tubo de Ø exterior 114,3 mm e 8,50 mm de espesor; evitando así imputar a carga na estrutura existente.
- Muros de dique: de altura máxima 4,5 m, que se realizarán con bloques de roca irregulares, de forma poliédrica, sen labrar e de gran tamaño. En todos os casos, o trasdós e o intradós, teñen unha inclinación de 1H/3V. O ancho na coroación é de 1,0 m. A cimentación ten un espesor de 1 m e realizarase con formigón HM-20/B/40, cunha dotación de formigón de 275-350l/m³.

## 5. Poboación Servida (INE 2024)

|                  |            |
|------------------|------------|
| Campo Lameiro    | 1.697 hab. |
| Cerdedo-Cotobade | 5.705 hab. |
| Total            | 7.402 hab. |

## 6. Concellos Afectados

Concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade.

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 168, cunha superficie total afectada de 25.270,93 m².

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| Orzamentos bens               | 37.469,03 €  |
| Orzamento terreos             | 123.352,72 € |
| 5% de afección                | 8.041,09 €   |
| Orzamento total expropiacións | 168.862,84 € |

## 8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


## 9. Orzamentos

|                                               |                |
|-----------------------------------------------|----------------|
| Orzamento Base de Licitación (c/IVE)          | 4.243.541,67 € |
| Orzamento Expropiacións                       | 168.862,84 €   |
| Orzamento Servizos Afectados                  | 10.260,38 €    |
| Orzamento Plan Vixilancia Ambiental           | 2.500,00 €     |
| Orzamento Seguimento Arqueolóxico             | 2.500,00 €     |
| Orzamento para Coñecemento da Administración: | 4.427.664,89 € |

## 10. Orzamento por concello


| Concello         | Orzamento      | Porcentaxe |
|------------------|----------------|------------|
| Campo Lameiro    | 2.115.912,94 € | 48 %       |
| Cerdedo-Cotobade | 2.311.751,95 € | 52 %       |

## PLANO DE SITUACIÓN




## SECCIONS TIPO

I.- SECCIÓN TIPO EN VARIACIÓN DE TRAZADO  
ESCALA 1:15



III.- SECCIÓN TIPO EN ENCUENTROS  
ESCALA 1:15



SECCIÓN TIPO PONTÓN

